

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

ORDE do 27 de decembro de 2019 pola que se anuncia a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2019/20 (código de procedemento PL500B).

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución española e mais do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantiren o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos (artigo 12).

Así mesmo, o artigo 14 da citada lei establece expresamente que a lingua galega é materia de estudo obrigado en todos os niveis educativos non universitarios e que se garantirá o uso efectivo deste dereito en todos os centros públicos e privados. No parágrafo 3 do mesmo artigo encoméndaselles ás autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantir que, ao remate dos ciclos educativos en que o ensino do galego é obrigatorio, o alumnado coñeza esta lingua, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Nesta mesma liña tamén se pronuncian a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias de 1992 (ratificada polo Goberno español en 2001), o Plan xeral de normalización da lingua galega (aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004) e a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Deste obxectivo nace a necesidade de adoptar un conxunto de medidas de dinamización dirixidas á promoción da lingua galega nos centros educativos.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, sinala a necesidade de afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino. Pretende reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos e facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, afastado de usos sexistas e respectuoso coa situación sociolingüística en que se enmarca cada centro. Con este obxectivo, a consellería competente na materia establecerá un



programa de actividades de fomento da lingua en cada centro educativo, no marco do seu proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento do uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.

O devandito decreto regula, no artigo 15, a constitución dun equipo de dinamización da lingua galega para potenciar o seu uso nos centros educativos sostidos con fondos públicos, así como a coordinación destes a través das respectivas comisións que se constituirán en cada xefatura territorial. Estes equipos terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos e contarán co apoio técnico necesario. Ademais, os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.

Polo tanto, e co fin de valorar e apoiar o labor dos equipos de dinamización da lingua galega dos centros de ensino, considérase necesario, ao igual que en exercicios anteriores, convocar axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de ensino privado. A achega económica que se lle asigne a cada proxecto determinarase segundo os criterios establecidos na convocatoria.

Neste caso, segundo o establecido no artigo 2.1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as achegas económicas que se lles asignen aos proxectos con motivo desta convocatoria terán carácter de subvención e estarán destinadas á execución dos proxectos de fomento do uso do galego polos equipos de dinamización da lingua galega dos centros de ensino privado. É por isto que as bases que rexen esta convocatoria seguen o estipulado polo artigo 14 da devandita lei.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Anunciar a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de ensino privado de Galicia para o curso escolar 2019/20 segundo as seguintes bases:

1. Obxecto.

O establecemento de subvencións para a realización de proxectos de fomento do uso do galego dos centros privados de ensino de Galicia, promovidos polos equipos de dina-



mización da lingua galega e polo profesorado responsable do proxecto, naqueles centros de ensino que conten con menos de seis unidades, durante o curso escolar 2019/20 (PL500B). As subvencións reguladas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Estas axudas serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados. En todo caso, a suma das contías recibidas non pode superar o 100 % do custo total das actividades do proxecto.

2. Persoas beneficiarias.

Os centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensino regrado de nivel non universitario, sexan persoas físicas ou xurídicas, que cumpran os requisitos e as condicións que se establecen nesta orde.

As persoas beneficiarias deberán cumprir os requisitos e as obrigas sinaladas nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Requisitos.

3.1. Os proxectos e as actividades que se desenvolvan ao abeiro desta convocatoria deberanse presentar e realizar de acordo coa vixente normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego, fixada pola Real Academia Galega o 12 de xullo de 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo). Así mesmo, respectarán a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 desta lei.

3.2. Para cumprir coa obriga da axeitada publicidade que impón o artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os centros que reciban subvencións para elaborar os proxectos de fomento do uso do galego ao abeiro desta convocatoria están obrigados a integrar o logotipo oficial dos equipos de dinamización da lingua galega tanto nos seus espazos web como nos documentos que difundan as actividades destes equipos. Para poder facelo, a coordinación territorial dos equipos de dinamización da lingua galega remitiralles aos centros o correspondente arquivo. Da mesma forma, a páxina web do centro deberá incluír, entre a información das súas instalacións, imaxes e unha descrición mínima do equipo de dinamización da lingua galega, así como dos seus principais recursos e servizos á comunidade educativa.



4. Dotación orzamentaria.

O crédito destinado ao financiamento dos proxectos de fomento do uso do galego dos centros de ensino privados ascende á cantidade de 23.833 euros, salvo que se produza un incremento do crédito de acordo co previsto no artigo 31, número 2, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Este crédito financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 11.40.151A.770.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia de 2020.

En todo caso, o gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 e ao disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001.

5. Presentación de solicitudes e prazo.

5.1. Os centros de ensino privado de Galicia que desexen acollerse aos beneficios desta convocatoria deberán formalizar a súa solicitude no modelo normalizado que se publica como anexo I desta orde.

5.2. As solicitudes, debidamente asinadas pola persoa solicitante ou representante, dirixiranse á xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo da provincia que corresponda. Os formularios de solicitude, segundo o modelo PL500B, estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.gal>.

5.3. As persoas xurídicas presentarán as súas solicitudes obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Así mesmo, en aplicación do previsto no punto 3 do artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 31 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, as persoas físicas, titulares dun centro educativo, dispoñen da capacidade económica e técnica que lles permite acceder e dispoñer dos medios electrónicos necesarios para relacionarse coas administracións. Polo tanto, as persoas físicas presentarán as súas solicitudes da mesma forma prevista no parágrafo anterior.



Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

5.4. O prazo de presentación das solicitudes e da documentación sinalada na base sexta será dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

6. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento.

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

6.1. Copia do proxecto asinado pola persoa coordinadora do equipo de dinamización da lingua galega, co visto e prace do director ou directora do centro. O proxecto deberá analizar a realidade concreta do centro e, a partir dela, establecer os obxectivos e deseñar as actividades que permitan modificar a situación de partida. Desenvolverá os seguintes puntos:

a) Breve estudo sociolingüístico actualizado en que se tocarán os puntos que se indican a seguir:

- A contorna sociolingüística do centro.
- A situación do profesorado.
- A situación do alumnado.
- A situación lingüística do centro.

b) Descrición dos obxectivos adecuados a cada un dos catro puntos anteriores.

c) Descrición detallada das actividades de dinamización lingüística para cada un dos obxectivos propostos.



6.2. Cadro resumo das actividades asinado pola persoa solicitante ou representante. No cadro teñen que constar de forma resumida a temporización, o nome da actividade, a persoa ou persoas responsables e o departamento ou departamentos correspondentes, os destinatarios e destinatarias, así como o orzamento previsto e o material necesario para a realización das actividades. O modelo deste cadro resumo figura no anexo II desta orde.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberá indicarse o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

7. Comprobación de datos.

7.1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE do ou da titular do centro, se é unha persoa física.
- b) NIF do centro, se é unha persoa xurídica.
- c) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.



d) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

e) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia.

7.2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

7.3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

8. Procedemento.

Unha vez que remate o prazo de presentación de solicitudes, os gabinetes provinciais de normalización lingüística revisarán as solicitudes recibidas e a documentación achegada. No caso de que as solicitudes estean incompletas, de que conteñan erros ou de que non se achegue toda a documentación acreditativa dos requisitos exixidos nesta convocatoria, requiriranse as persoas solicitantes para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou presenten os documentos preceptivos, coa indicación de que, de non o faceren, se considerará que desisten da súa petición e archivarase o seu expediente na forma e nos termos indicados no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e consonte o artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, os requirimentos faranse mediante a súa publicación na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>).

9. Análise e cualificación dos proxectos.

Comisións de cualificación.

Unha vez que se completen os expedientes administrativos, cualificaranse os proxectos que resulten admitidos por seren presentados no tempo e na forma que correspondan. Con este fin, constituirase en cada gabinete provincial de normalización lingüística unha comisión provincial de cualificación, que adaptará o seu funcionamento ao previsto nesta convocatoria e, supletoriamente, aos preceptos contidos na sección terceira do capítulo II, título preliminar, artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídi-



co do sector público, e na sección terceira do capítulo I, título I, da Lei 16/2012, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Cada comisión provincial estará integrada por:

Presidencia:

– O xefe ou xefa do gabinete provincial de normalización lingüística.

Vogais:

– O coordinador ou coordinadora provincial dos equipos de dinamización da lingua galega.

– Un ou unha representante da Inspección Educativa, que será designado/a polo xefe ou xefa territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

– Unha persoa especialista en planificación lingüística, designada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Cando o número de proxectos o aconselle, poderán designarse ata tres especialistas máis por comisión.

– Un profesor ou profesora con experiencia nos equipos de dinamización da lingua galega, designado/a pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Secretaría:

Desenvolverá estas funcións un funcionario ou funcionaria do gabinete provincial de normalización lingüística ou xefatura territorial, que será designado/a polo xefe ou xefa territorial da Consellería de Cultura e Turismo.

No seo das comisións provinciais, poderanse constituír unha ou varias comisións técnicas para facilitar a análise polo miúdo dos proxectos.

10. Criterios para a cualificación dos proxectos.

Para a concesión de incentivos de apoio ao financiamento dos proxectos de fomento do uso do galego, as comisións terán en conta fundamentalmente a calidade do proxecto e ponderarase o número de estudantes do centro.



10.1. A calidade do proxecto será puntuada de 0 a 24 puntos. Quedarán desestimadas aquelas solicitudes que non reúnan un mínimo de 6 puntos nesta epígrafe. As variables que se avaliarán coas respectivas puntuacións, repartidas de xeito proporcional, serán as seguintes:

a) Grao de implicación activa dos membros da comunidade no proxecto (pais/nais, profesorado dos distintos departamentos, alumnado dos distintos ciclos, etapas e niveis, así como persoal de administración e servizos): de 0 a 4 puntos. Esta puntuación distribúese proporcionalmente en función do número de membros da comunidade que participen no proxecto.

– Profesorado dos distintos departamentos, alumnado dos distintos ciclos, etapas e niveis, así como persoal de Administración e servizos: ata 3 puntos.

– Pais/nais e outros axentes da comunidade educativa: ata 4 puntos.

b) Nivel de utilización das novas tecnoloxías: de 0 a 4 puntos.

– Creación de páxinas web e de blogs, intercambio de mensaxes na rede entre as persoas coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega ou, de non haber equipo, da persoa coordinadora desta materia: ata 1 punto, que se repartirá proporcionalmente en función do número de ferramentas tecnolóxicas empregadas.

– Actualización de páxinas web, de blogs e de contas en redes sociais (Facebook, Twitter...), realización de videoconferencias, intercambio de mensaxes de correo entre o alumnado: ata 2 puntos, que se repartirán proporcionalmente en función do número de ferramentas tecnolóxicas.

– Traballo con códigos QR, realidade aumentada, aplicacións para móbiles, ordenadores ou tabletas, radio ou TV con emisión de maneira puntual, revista dixital e obradoiros relacionados coas novas tecnoloxías...: ata 3 puntos, que se repartirán proporcionalmente en función do número de ferramentas tecnolóxicas.

– Audiovisuais (curtas, documentais...), radio diaria ou semanal na aula, TV, robótica, gamificación...: ata 4 puntos, que se repartirán proporcionalmente en función do número de ferramentas tecnolóxicas.



c) Grao de colaboración con outras institucións, entidades ou asociacións externas ao centro, co obxectivo de potenciar o uso da lingua galega fóra do centro: de 0 a 4 puntos.

– Colaborar cunha institución, entidade ou asociación, asistindo ás actividades que organiza: ata 2 puntos, ponderados proporcionalmente ao número de actividades.

– Colaborar cunha ou varias institucións, entidades ou asociacións, de maneira que sexa o centro o que organice de xeito puntual as actividades: ata 3 puntos, ponderados proporcionalmente ao número de actividades.

– Colaborar de xeito permanente –é dicir, ao longo do curso escolar– cunha ou varias institucións, entidades ou asociacións, na organización de actividades: ata 4 puntos.

d) Grao de colaboración con outros centros educativos no deseño da planificación lingüística e/ou na realización de actividades dinamizadoras: de 0 a 4 puntos.

– Colaborar na realización de actividades habituais entre centros da mesma localidade, cos mesmos ou similares niveis educativos: ata 1 punto.

– Colaborar na realización de actividades habituais entre centros da mesma localidade ou de localidades próximas, con diferentes niveis educativos, ou na realización de actividades excepcionais (xornadas de portas abertas...), sen ter en conta o ámbito xeográfico: ata 2 puntos.

– Colaborar na realización de ata tres actividades con outros centros da comarca ou de comarcas próximas: ata 3 puntos.

– Colaborar na realización de máis de tres actividades con centros de ámbitos xeográficos distintos ou realizar unha iniciativa con carácter anual (ao longo de todo o curso escolar): ata 4 puntos.

e) Realización de actividades plurianuais: de 0 a 4 puntos.

f) Tipoloxía de actividades organizadas ao longo do curso: de 0 a 4 puntos.

Esta tipoloxía de actividades abrangue celebracións e festas tradicionais, promoción da lingua oral, promoción da lingua escrita, tecnoloxías da información e da comunicación



(TIC), dinamización do centro, dinamización da contorna, intercambios e posta en valor da lingua mediante a cultura e a etnografía.

Establécese a puntuación do seguinte xeito:

Ata dous tipos de actividades: 1 punto.

De tres a catro tipos de actividades: 2 puntos.

De cinco a seis tipos de actividades: 3 puntos.

Máis de seis tipos de actividades: 4 puntos.

10.2. O número de estudantes terá unha puntuación máxima de 6 puntos. A cada centro concederánselle 0,30 puntos por cada 50 estudantes ou fracción, sen que poida excederse ese máximo de 6 puntos.

11. Contías máximas por proxecto.

a) O financiamento máximo que poderán recibir os centros cunha matrícula superior a 50 alumnos e alumnas é de 800 euros.

b) O financiamento máximo que poderán recibir os centros cunha matrícula comprendida entre 25 e 50 alumnos e alumnas é de 300 euros.

c) O financiamento máximo que poderán recibir os centros cunha matrícula inferior a 25 alumnos e alumnas é de 150 euros.

12. Criterios para a repartición das axudas concedidas.

Unha vez que as comisións provinciais avalíen e fixen a puntuación que ten cada proxecto, establécense os seguintes criterios para a repartición das axudas:

12.1. Distribuiranse 20.000 € da seguinte maneira: fixarase un valor económico por cada punto obtido nos proxectos e a multiplicación dese valor polo total dos puntos acadados por cada proxecto dará como resultado a contía económica da axuda que recibirá cada un.



12.2. A maiores, distribuiranse 3.833 € entre os proxectos dos centros que acaden 22 ou máis puntos na epígrafe 10.1 (calidade do proxecto). Ningún centro poderá recibir máis de 300 € nesta distribución.

No caso de que non se reparta a totalidade desta contía, o remanente sumaráselle á cantidade prevista no punto anterior.

12.3. En todo caso, ningún proxecto poderá recibir unha axuda que exceda as máximas establecidas na epígrafe 11, nin o custo total do proxecto.

12.4. Tanto o establecemento do valor económico por cada punto obtido (12.1) como a distribución da cantidade prevista na epígrafe 12.2 fixaranse na Secretaría Xeral de Política Lingüística, nunha sesión conxunta, en que participarán o presidente ou presidenta de cada comisión provincial e un técnico ou técnica da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

13. Proposta de resolución.

Unha vez rematadas as sesións, as comisións provinciais elaborarán un informe onde se concrete o resultado da avaliación efectuada e unha listaxe coa puntuación outorgada a cada solicitante admitido. Este informe trasladaráselle á xefatura do gabinete de normalización lingüística da provincia que corresponda, quen formulará unha proposta provisional de resolución de adxudicación, en que conste a puntuación acadada para cada centro admitido, así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes. Estas propostas faranse públicas na web <http://www.lingua.gal>.

Os centros interesados disporán de dez días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da data de publicación da proposta de resolución provisional, para formular as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a xefatura do gabinete de normalización lingüística, nos lugares e na forma indicados na base quinta da convocatoria. En todo caso, os centros que presenten alegacións enviaranlles un correo electrónico aos gabinetes de normalización lingüística da súa provincia, no que indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

Logo de examinar as alegacións achegadas, se é o caso, e de realizar a sesión de valoración económica por cada punto obtido de acordo co disposto na base 12.4, a xefatura do gabinete de normalización lingüística de cada provincia formulará a proposta de resolución definitiva ante o respectivo xefe ou xefa territorial da Consellería de Cultura e



Turismo. Nesta proposta constará a puntuación do proxecto, o valor económico por punto e a contía da axuda.

14. Resolución.

Ao abeiro do artigo 5 da Orde do 21 de marzo de 2019 de delegación de competencias nos órganos superiores e dirección, da Consellería de Cultura e Turismo (DOG núm. 63, do 1 de abril), delégase nos respectivos xefes e xefas territoriais a competencia para resolver a convocatoria, asignarlle o financiamento definitivo a cada proxecto e pagarlle os importes correspondentes a cada centro de ensino adxudicatario da súa provincia. A resolución definitiva do procedemento de concesión farase no prazo de quince días desde a data de traslado da proposta de resolución e publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na web <http://www.lingua.gal>, logo da súa fiscalización por parte das intervencións territoriais, polo que se entenderán notificados, para todos os efectos, os centros de ensino interesados.

Contra a resolución de concesión, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os centros interesados poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante o órgano que a ditou (é dicir, a xefatura territorial correspondente), quen resolverá por delegación de acordo co disposto na disposición adicional da referida Orde do 25 de xaneiro de 2012, ou ben poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE núm. 167, do 14 de xullo).

As solicitudes entenderanse desestimadas se non se dita unha resolución expresa no prazo de catro meses, que se contarán a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

15. Xustificación do gasto.

15.1. A data límite para presentar a xustificación dos gastos correspondentes aos centros que obtiveron financiamento mediante esta convocatoria para o curso 2019/20 é o 30 de xuño de 2020. Deberá presentarse ante os gabinetes provinciais de normalización lingüística da mesma forma que a sinalada no punto 5 desta orde.



Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.

15.2. A xustificación incluírá a seguinte documentación:

a) Relación numerada das actividades desenvolvidas no proxecto, co importe do gasto asociado e o material empregado, segundo o modelo do anexo IV desta orde.

b) Memoria descritiva e gráfica asinada pola persoa coordinadora do equipo de dinamización da lingua galega, co visto e prace do director ou directora do centro. Nela aparecerán todas as actividades realizadas, detallaranse aquelas para as que se concedeu a asignación económica e relacionarase cada gasto en que se incorreu coa actividade do proxecto á que vai imputado.

Esta memoria deberá dar conta dos cambios realizados con respecto á programación inicial e nela avaliarase, ademais, a consecución ou non dos obxectivos previstos e propoñanse actuacións de mellora para vindeiros proxectos.

c) Facturas orixinais correspondentes ao ano 2020, comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño e expedidas a nome do centro, e xustificación acreditativa do seu pagamento. Tamén se poderán presentar copias compulsadas segundo o establecido nas disposicións vixentes. Tanto nunhas coma noutras deberase expresar, de xeito explícito, o concepto e a súa relación coas actividades programadas.

Para a súa consideración como subvencionable, entenderase como efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados ou por calquera outro medio de proba que acredite a realización do pagamento, segundo especifican os artigos 42 e 49 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase achegar unha relación delas, en que se especifique o emisor, o número de factura e o importe.

d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, coa indicación do importe concedido e da súa procedencia, ou declaración de non ter solicitada ningunha outra axuda para a mesma finalidade, segundo o modelo do anexo III desta orde.



e) Poderase pedir calquera outra documentación complementaria que se considere necesaria para a xustificación.

15.3. De acordo co establecido no artigo 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en relación co establecido no artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada pola entidade beneficiaria, porao no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días para a súa corrección. A falta de presentación da documentación requirida no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención.

16. Pagamento.

O aboamento da subvención asignada realizarase despois de que cada centro privado beneficiario da subvención xustifique o gasto, de acordo co previsto na base anterior.

O pagamento non poderá ser superior á contía concedida na resolución da convocatoria, nin aos gastos realmente realizados, de seren estes inferiores ao importe concedido. No caso de que ao centro se lle conceda outra axuda ou subvención para o mesmo proxecto, o importe da axuda concedida con cargo a esta convocatoria minorarase cando a súa contía, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, supere o 100 % do custo das actividades do proxecto.

Os pagamentos efectuaranse a través das respectivas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura e Turismo.

17. Perda do dereito ao cobramento da subvención.

O centro perderá o dereito ao cobramento da subvención concedida polas seguintes causas:

- Xustificacións presentadas fóra do prazo (con posterioridade ao 30 de xuño de 2020).
- Non realización das actividades e/ou incumprimento dos fins, obxectivos ou variación substancial na realización do proxecto, sen o xustificar debidamente.
- Incumprimento na execución do proxecto no tocante ao punto 3 da convocatoria.



18. Perda ou modificación da subvención.

Estarase obrigado ao reintegro –total ou parcial– da subvención no suposto de que non se cumpran as condicións establecidas para a súa concesión e á modificación da subvención como consecuencia da alteración das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

19. Seguimento e avaliación da realización dos proxectos.

O seguimento e a avaliación da realización dos proxectos de fomento da lingua galega que presenten os equipos serán realizados polos coordinadores e coordinadoras provinciais dos equipos de dinamización da lingua galega sobre a base das memorias de xustificación.

20. Desconcentración de créditos.

Para unha xestión máis eficaz, a Secretaría Xeral de Política Lingüística desconcentrará os créditos necesarios para sufragar os gastos desta convocatoria nas correspondentes xefaturas territoriais da Consellería de Cultura e Turismo, nas cales teñen a súa sede os gabinetes de normalización lingüística de cada provincia.

21. Notificacións.

21.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

21.2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

21.3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado



enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

21.4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

21.5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

22. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

23. Transparencia e bo goberno.

23.1. De acordo co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

23.2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 á cal se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

23.3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.



24. Normativa aplicable.

A esta orde seranlle de aplicación as normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro), e o seu desenvolvemento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño), e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

25. Réxime de recursos.

Esta orde poderá ser impugnada mediante o recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura e Turismo no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben, directamente, mediante a interposición dun recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Cultura e Turismo coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou, presencialmente, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística para que adopte todos os actos e medidas necesarios para a execución, desenvolvemento e resolución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2019

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura e Turismo

CVE-DOG: sm2w1yw4-bj52-oxl9-vdm6-l2cz05w5oyyp2




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

ANEXO I

PROCEDIMENTO AXUDAS PARA OS PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PRIVADA DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO PL500B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA	
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:	
<input type="radio"/> Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención. <input type="radio"/> Si solicitou e/ou concedéronse outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:	
ORGANISMO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.	
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.	
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.	
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.	

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA	
<input type="checkbox"/> Anexo II	
<input type="checkbox"/> Copia do proxecto asinado pola persoa coordinadora do equipo de dinamización, co visto e prace do director ou directora do centro	

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: sm2w1yw4-bj52-oxl9-vdm6-l2cz05w5oyyp2


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 CULTURA E TURISMO

ANEXO I
 (continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa titular do centro	<input type="checkbox"/>
NIF do centro	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga	<input type="checkbox"/>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se anuncia a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2019/20 (código de procedemento PL500B).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de



 Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo de

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

ANEXO II
CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME DO CENTRO EDUCATIVO			NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
NÚMERO DE UNIDADES	NÚMERO DE ALUMNOS/AS CURSO 2019/20		CÓDIGO DO CENTRO
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA PERSOA COORDINADORA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

SOLICITA

Axuda económica para levar a cabo as actividades que se mencionan no proxecto que se achega con esta solicitude, e acóllese ao disposto na orde pola que se anuncia a convocatoria de subvencións.

CANTIDADE SOLICITADA

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES


TEMPORIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S CORRESPONDENTE/S	PERSOAS DESTINATARIAS	ORZAMENTO	MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de



 Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo de

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> Formas previstas na súa norma reguladora

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




ANEXO III

**DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA A MESMA FINALIDADE,
DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS**PL500B - AXUDAS PARA OS PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PRIVADA DE GALICIA QUE IMPARTEN
ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DECLARA

Que non solicitou nin se lle concederon axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.



Que solicitou e concedéronse, ou están pendentes de resolución de concesión, as seguintes axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas:

DESCRICIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	ESTADO (1)	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE. No caso de solicitudes denegadas, farase constar DENEGADA.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de

 
Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo de <input type="text"/>




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

ANEXO IV
CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

 PL500B - AXUDAS PARA OS PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PRIVADA DE GALICIA QUE IMPARTEN
ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS



DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME DO CENTRO EDUCATIVO			NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA PERSOA COORDINADORA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES			
TEMPORIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	IMPORTE DO GASTO	MATERIAL EMPREGADO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data
<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>

 Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo de

CVE-DOG: sm2w1yw4-bj52-oxl9-vdm6-l2cz05w5oyyp2


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>